

## **CUESTIONARIO COMTE POSITIVISMO**

- 1. Explica a lei dos tres estadios: ¿cales son os tres estadios dos que fala Comte?, ¿cal é a característica principal de cada un dos estadios a nivel do coñecemento ou saber e a nivel social e político?, ¿que visión da historia da humanidade transmite a lei dos tres estadios?**

Comte fala do estadio teolóxico, o metafísico e o positivo.

O estadio teolóxico é aquel no que a actividade intelectual se rixe pola pregunta sobre o porqué das cousas, buscando dar coas causas últimas. Este estado relixioso, está subordinado a forzas sobrenaturais (divinidades).

O estado metafísico elimina as causas divinas e centra o seu estudo na búsqueda doutro tipo de causas que gardan relación con conceptos filosóficos abstractos. Son exemplos deste estudo a esencia, a calidade e as substancias, que están estreitamente ligados coa filosofía.

Finalmente, o estadio positivo é aquel no que as sociedades prescinden de preguntar polas causas últimas. E limítanse a preguntar por causas concretas que sirvan para explicar os fenómenos observables. Como as condutas no campo da psicoloxía positivista, por exemplo. Este estado científico ríxese pola ciencia.

Esta lei da historia da humanidade dividida en tres estadios é unha forma de clasificar o desenvolvemento das sociedades en torno a súa actividade intelectual ao longo da historia. No teolóxico, o coñecemento depende das forzas divinas e sobrenaturais, está suxeito a elas, mentres que no metafísico dase un proceso cara á abstracción filosófica, déixanse de lado as explicacións basadas nas forzas divinas, e pasamos a explicacións en base a principios filosóficos metafísicos ou abstractos, pero que aínda non son científicos. No estadio positivo hai un paso definitivo na evolución da humanidade e a súa relación co medio, cunha madurez considerable. Os acontecementos naturais e sociais son explicados pola observación e pola experimentación, é dicir, cientificamente.

Poderíamos comparar os tres estadios co desenvolvemento mental do ser humano ao longo da súa vida, o estadio teolóxico correspóndese coa fase da infancia, o metafísico correspóndese coa etapa da xuventude e, finalmente, o estadio positivo relaciónase coa fase da madurez. A lei dos tres estadios ofrece unha perspectiva da historia da humanidade de avance, porque consiste nunha reforma do saber proposta por Comte. A nova ciencia positiva destaca pola súa dedicación ao estudo dos fenómenos, dos datos que aparecen e que se manifestan. As ideas básicas desta lei son a orde e o progreso, xa que cada estadio sèrvelle ao seguinte de base para avanzar, aínda que cada un deles empregue métodos diferentes.

**Mari Carmen Castro Montero. Javier Barreiro Lareo. 2º BACH. IES AS FONTIÑAS  
CURSO 2023/24**